

**PROXECTO  
DE  
PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA  
DO  
CONCELLO DE BURELA**

**Lucía Bouza Orosa**

**Neves Cando López**

**Cristóbal Edrosa Fernández**

**Alfredo Llano García**

**Luís Miguel Pedre Díaz**

**Bernardo Penabade Rei**



# SUMARIO

MODELO BURELA DE PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA.....	4
PROXECTO DE PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA.....	6
1.-INTRODUCCIÓN.....	6
2.-XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO.....	10
3.-ORIENTACIÓNS ESTRATÉXICAS.....	12
4.-PROGRAMA DE INTERVENCIÓN.....	30

*Co obxectivo de profundizar no proceso de normalización lingüística entre a poboación de Burela, no mes de novembro de 2007 unha representación do IES Perdouro entregou ao Cronista Oficial da localidade -e este transmitiu copia aos partidos políticos, en calidade de lexítimos representantes da cidadanía- un proxecto de Innovación Lingüística premiado pola Consellaría de Educación e a Secretaría Xeral de Política Lingüística. Dado que o contido do citado proxecto estaba centrado na dinamización lingüística no ámbito local, o grupo de traballo do centro educativo quixo con el contribuír á elaboración dun Plano de Normalización Lingüística municipal entregando de xeito altruísta unha base de traballo.*

*Os grupos políticos representados no Concello de Burela valoraron moi positivamente as propostas contidas no documento e asumiron unanimemente o obxectivo de dotar a primeira institución municipal dun programa de actuacións encamiñadas a reforzar os usos do idioma galego e, simultaneamente, a favorecer a fluidez comunicativa noutras linguas tamén de proxección internacional. Con esta importante variación no conxunto dos obxectivos centrais -máis ambiciosos neste caso-, naceu o presente Proxecto de Planificación Lingüística, para cuxa redacción se tivo moi en consideración a programación elaborada no centro educativo.*

# MODELO BURELA DE PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA

O presente Proxecto de Planificación Lingüística para o Concello de Burela está inspirado no modelo cultural europeísta, de **universalismo políglota**, forxado no histórico Seminario de Estudos Galegos e levado á práctica polos homes e mulleres da Xeración Nós.

Non se entenda esta referencia histórica da cabeceira como unha alusión a un pasado actualmente obsoleto. Naquela filosofía integradora e aberta ao mundo asenta a base dos proxectos máis ambiciosos, avanzados e vangardistas do presente. Partindo de tan sólidas bases, agora nas nosas mans só descansa a responsabilidade de actualizar os contidos, evoluíndo á par dos tempos.

## O "Modelo Burela" de Planificación Lingüística: o uso lingüístico aditivo

Entendemos por modelo lingüístico aditivo o tendente a conseguir unha sociedade substancialmente trilingüe, que use:

- a) **galego**, lingua ambiental, a propia de Galiza, tal como está recollido na lexislación referendada democraticamente polo pobo galego con data de 28 de xuño de 1980. O facto de que ese sexa o elemento aglutinante da cidadanía de Burela, non entra en conflito coa existencia doutras moi diversas culturas. En Burela existen colectivos que teñen o castelán, o crioulo caboverdiano, algunha lingua amerindia, o árabe ou o indonesio como linguas familiares. Os seus usuarios tamén son bureleses, neste caso adoptivos, con iguais dereitos e deberes. Entendemos esa diversidade cultural como altamente beneficiosa para o conxunto da cidadanía; a convivencia de tantas culturas enriquece o acervo colectivo.
- b) o **castelán** como lingua franca do Estado e ademais idioma de relacionamento coa América de cultura española.
- c) o **inglés** e o **francés** como linguas de relacionamento universal, naqueles casos que non abarquemos coa versión internacional do galego e co castelán.

O "Modelo Burela" de Planificación Lingüística, modelo de uso aditivo das linguas, contempla partir do inmediato, do propio da comunidade territorial en que vivimos, para chegar ao código compartillado con outras comunidades do Estado e do mundo. Un trilingüismo que nos permita o uso fluído de tres códigos en distribución complementar.

## **A MARIÑA: O PARAÍSO DAS LINGUAS.**

Burela é unha localidade situada no centro xeográfico da comarca da Mariña, territorio pertencente á antiga provincia mindoniense. Por diversas razóns, esta comarca acolleu diversas comunidades chegadas de fóra dos seus límites xeográficos e estes grupos humanos, sen perderen as súas culturas específicas, lograron aquí un grao exemplar de integración nos nosos costumes. É así que a Mariña constitúe un verdadeiro paraíso de convivencia interracial e Burela en particular é o lugar emblemático en que ese proceso se mostra de xeito paradigmático, pola súa situación xeográfica central e polo carácter de núcleo urbano de referencia comarcal.

## **POR QUE É BURELA A CAPITAL DUN PARAÍSO LINGÜÍSTICO?**

1.- Porque é un concello integramente urbano con pleno municipal en galego. Son trece concelleiras e concelleiros con expresión espontánea no noso idioma. Sen diferenzas de xénero, de ideoloxía ou calquera outra condicionante. Diferentes persoas, diferentes partidos; mais unha única vontade: o orgullo polo noso e a simpatía polo dos demais.

2.- Porque a planificación lingüística aditiva é asumida unanimemente por todas as forzas políticas con representación municipal e porque esta unanimidade non é recente, está asentada no momento mesmo en que se consituíu o concello e foi mantida ao longo dos anos, con diferentes gobernos municipais.

3.- Porque Burela ocupa un lugar de Honra na integración de neofalantes; e porque non se trata de casos excepcionais. En Burela existe historicamente (e de xeito moi marcado nos últimos trinta anos) unha integración cultural masiva de persoas chegadas de todas as latitudes do planeta; persoas de todas as idades e cos máis diversos niveis de formación académica. Son adultos, hoxe profesionais da sanidade, da orde pública, do deporte, da educación, do sector primario, que viven “como bureleses” con independencia do seu lugar de orixe. Son nenos e nenas chegados aquí para nacer, ou chegados recién nacidos, que medran entre nós como outros bureleses máis e que como tal estudan nas nosas escolas, andan polas nosas rúas e xogan todos xuntos nos parques de Tíjola ou de Rosalía de Castro.

4.- Porque Burela ten o privilexio de contar cunha institución exemplar sobre a que asenta a base primeira da educación regrada, un verdadeiro paraíso para a socialización de nenos e nenas: a ESCOLA INFANTIL, con case 30 anos de experiencia educativa. A Escola Infantil, hoxe de titularidade municipal, é incluso máis antiga que o propio Concello de Burela; desde as súas aulas sempre se fomentou o modelo de integración que fai singular o noso pobo.

## CONCELLO DE BURELA

# PROXECTO DE PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA

### SÍNTESE DO PROXECTO

**Título:** PROXECTO DE PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE BURELA

**Período de realización:** 2008-2012

**Obxectivo de actuación:** reforzo da expresión escrita en lingua galega; afianzamento do castelán como lingua franca do Estado; reforzo da expresión oral en linguas estranxeiras.

## 2.- XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

### 2.1. Estudo sociolingüístico do concello

Burela é un concello monoparroquial, totalmente urbano, que reúne unhas 10.000 persoas, coa media de idade mais xoven de toda a comarca.

En función dos coñecementos apriorísticos, o hábitat urbano e a incorporación de persoas procedentes doutras comunidades españolas (preferentemente de Asturias e Castela-León) esperaríase un baixo e decadente uso da lingua galega. A realidade, porén, é ben diferente: a poboación burelesa presenta un dos máis elevados niveis de uso espontáneo do noso idioma. Nos patios das escolas ou dos institutos, nos parques e nos locais de ocio frecuentados pola mocidade, o galego é a lingua ambiental imperante.

Con todo, o elevadísimo nivel de uso espontáneo da lingua galega contrasta coa ínfima presenza do código escrito. Ao estilo do que ocorre con algunhas linguas amerindias, v. gr. o caso do guaraní no Paraguai, o galego en Burela óese, mas visualízase pouco.

Salvo as ocasionais publicacións escolares, editadas con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, en Burela non existe ningún medio de comunicación local escrito en galego. Na Igrexa a

liturxia é oficiada en castelán e o mesmo ocorre co catecumenado.

As asociacións culturais orientan a súa programación ás actividades de carácter lúdico-recreativo, incluíndo só moi excepcionalmente algún acto destinado á divulgación bibliográfica. Ao non existiren iniciativas de animación á lectura, o conxunto do alumnado –salvo casos particulares– carece de calesquer outros referentes de expresión escrita en galego que non sexan os ofrecidos nas aulas dos centros de ensino (libros de texto e obras de lectura obrigatorias).

## 2.2.- Perfil do uso lingüístico da poboación

O 81% das familias de Burela posúe un **uso lingüístico espontáneo e homoxéneo en galego**. Con independencia de que os proxenitores tivesen ou non recibido ensino-aprendizaxe da lingua galega na súa etapa escolar, o habitual é que pertencen ao grupo de semi-bilingües diglósicos (A0 // 0B) ou ao de pseudobilingües diglósicos, ademais da minoría privilexiada con competencia bilingüe.

Un 10% de mozos e mozas procede de familias orixinarias de fora da Galiza, ben doutras comunidades do Estado Español ben doutros países do resto do mundo. Salvo no caso dos países da áreas lusófona e andina, son **familias con uso lingüístico espontáneo e homoxéneo en castelán**. Facemos unha salvidade con respecto á área andina, porque algunhas familias procedentes desta –chegadas a Burela para traballar na pesca– utilizan espontaneamente as súas respectivas linguas amerindias (caso do guaraní e o quechua).

O 9% restante corresponde a familias mistas, nas cales unha parte é de procedencia galega e a outra ten a súa orixe noutras comunidades españolas ou en Portugal.

Incluimos tamén aquí os casos de familias galegas con **uso lingüístico compartimentado**.

En función do seu uso lingüístico habitual, a poboación de Burela pode ser clasificada en dous grupos:

a) **uso maioritario do castelán**. É un colectivo próximo do monolingüismo. O seu uso da lingua galega redúcese ás actividades académicas na materia de lingua e literatura galegas e naquelas outras con docencia e material de apoio no noso idioma. Representan un 14% do total do alumnado. Socioloxicamente proceden da inmigración interior (Asturias; Castela-León...) máis recente; da inmigración de países sudamericanos de fala hispana (Colombia; Perú e Arxentina); de movementos internos da poboación galega (familias da Galiza Atlántica) que chegan a Burela para traballar na sanidade, na pesca, no sector servizos ou na industria; e incluso doutros concellos da nosa comarca (Viveiro, Ribadeo, Cervo...).

b) **uso maioritario do galego (case de xeito exclusivo na expresión espontánea)**.



É un colectivo bilingüe, con uso maioritario do galego por motivación contextual. Representan un 86% do total. Consideramos relevante indicar que, alén do segmento de alumnado que representa a continuidade na transmisión interxeneracional (81%), neste grupo incluímos un 5% de alumnos e alumnas que no ambiente escolar se socializan en galego mais que teñen outro idioma para o uso familiar (castelán; crioulo cabo-verdiano).

## 4.- PROGRAMA DE INTERVENCIÓN

### 1.- DIRECTRICES ESTRATÉXICAS

1 Este documento debe entenderse como un instrumento para a articulación e o impulso das accións de fomento da **pluralidade lingüística**. É, pois, un guieiro que establece un marco de intervención que non esgota as posibilidades de acción e debe ser interpretado de forma flexíbel adaptándose ás necesidades cambiantes e aos novos retos derivados do cumprimento dos seus obxectivos.

2 Concíbese a **planificación** lingüística como un aposta transversal do Concello de Burela, polo que os obxectivos deste Plano, en tanto que institucionais, deben ser asumidos polo conxunto dos departamentos da administración municipal.

3 Procurarase a implicación das distintas entidades públicas no desenvolvemento do Plano. Nesta lóxica coordinativa, considérase central achegar ás administracións públicas responsábeis as propostas que aquí se recollen de cara á definición de estratexias de acción conxunta e na procura de sinerxías.

4 O Concello de Burela apoiará as propostas de promoción **do uso das linguas** que proveñan das entidades sociais, entendéndolas como propuloras fundamentais do proceso de planificación lingüística.

5 **O Proxecto de Planificación lingüística** de Burela desenvolverase tendo en conta a súa área de influencia urbana e comarcal, e a posibilidade de colaboración institucional para a unha actuación integrada.

6 O Consello Municipal de **Planificación Lingüística** debe ser un actor central no impulso e desenvolvemento do Plano como principal espazo de diálogo e implicación social sobre **o uso lingüístico da poboación** de Burela. Procurarase implicar, tamén, o resto dos órganos de participación social do Concello co ánimo de xerar o maior consenso posíbel na sociedade.

7 Considerarase o **Consello Municipal de Planificación Lingüística** como principal responsábel do seguimento do Plano e, polo tanto, o garante do seu desenvolvemento.

8 Entendendo que un dos principais activos deste Plano é o capital relacional xerado na súa elaboración, o desenvolvemento das accións debe aproveitar esta rede social de axentes facilitadores *na* súa posta en marcha.

9 As accións de **planificación lingüística** levadas a cabo en calquera ámbito deben ter un carácter integrador, implicando os actores centrais de vertebración do sector, así como os axentes de promoción da lingua galega. A finalidade disto será:

- que as accións estean ben orientadas.
- que as intervencións sexan percibidas como propias, e polo tanto queridas -non impostas.
- que se maximicen e se amplíen os recursos para o seu desenvolvemento;
- que se poida xerar unha dinámica autónoma de fomento da **pluralidade lingüística** sostida polos propios actores dese ámbito.

10 Aproveitarase a imaxe de **marca de Burela** como paraíso da lingua galega de cara ao

fortalecemento desta identidade e á proxección exterior do Plano.

11 Deberá vincularse o **dominio de diferentes linguas** a referentes de prestixio e relevancia social: incorporándoo aos procesos de innovación e mellora profesional e social.

12 Deberán aproveitarse os cambios estratéxicos, nomeadamente a incorporación ás tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), como oportunidade central para a introdución da necesidade de **coñecer varios idiomas e de dotar o propio das ferramentas máis modernas**.

13 Promoverase que os medios de comunicación xoguen un papel facilitador da **normalización lingüística do galego** alentando un acordo que permita recoller en galego as noticias orixinadas nesta lingua.

14 Deberá promoverse a **competencia** lingüística entre aqueles actores con especial relevancia comunicativa, **tamén** de cara a posibilitar a utilización sustentábel da lingua galega, a través da:

- formación orientada ás necesidades lingüísticas dos diversos destinatarios cun adestramento nas competencias vinculadas ao desempeño laboral, baixo unha concepción activa da aprendizaxe;
- vinculación da adquisición de **competencia en varias linguas** coa mellora profesional ou organizacional:

- asesoría formativa que promova a paulatina autonomía dos usuarios, potenciando a seguridade no manexo de **diferentes linguas**:

- Deberá procurarse a dotación de recursos lingüísticos de apoio adecuados para garantir a seguridade no uso da lingua galega.

15 Introducirase a lóxica da planificación e da avaliación no conxunto das actuacións recollidas neste Plano, incorporando sistemas de programación concisa, de seguimento e de avaliación de procesos e resultados, establecendo mecanismos de medida e corrección das accións.

16 Procurarase a maior rendibilidade das actuacións, na busca da eficacia e da eficiencia nas intervencións, para o que haberá que afinar de xeito preciso as accións e primar aquelas medidas cun maior efecto multiplicador que procuren un maior impacto social.

17 A idea-forza da promoción do galego baseada na valoración da lingua propia como referente de identidade debe ter complemento no valor de vínculo co espazo comunicativo internacional. Neste sentido, deben facilitarse, de xeito xenérico, os intercambios comunicativos coas comunidades de lingua galego-portuguesa e a comprensión dos recursos xerados noutros países como complementos útiles para a promoción do galego.

## 2.- Obxectivos

1. Garantir e velar polos dereitos lingüísticos de toda a poboación.
2. Implicar no proceso de planificación lingüística as entidades públicas e privadas.
3. Facer normal o uso do galego no conxunto da sociedade burelesa.
4. **Fomentar o coñecemento doutras linguas** por parte da poboación de Burela.
5. **Aproximarse a outras culturas** mediante o contacto directo coas visitas a lugares especiais do seu patrimonio.
6. Entrar en contacto con hábitos, modos de vida e **costumes** propios doutros países ou rexións contrastándoos cos do noso entorno e valorando a súa singularidade dentro do marco común da **identidade europea**.
7. Abertura da poboación de Burela, especialmente da mocidade, a outras ideas e inquietudes mediante a **convivencia** con persoas doutros lugares.
8. Asentar a conciencia de **cidadanía europea**.

### **3.- Metodoloxía de traballo.**

#### **3.1.- Reunión da Comisión de Traballo para elaborar o Proxecto de Planificación Lingüística de Burela.**

3.2.- Presentación pública (aos medios de comunicación e representantes sociais) do documento elaborado.

3.3.- Presentación do documento ao pleno para o seu debate e aprobación, se procede.

3.4.- Fase de dinamización lingüística cos diferentes colectivos sociais da localidade (entrevista; entrega de documentación; programación de actividades...)

3.5.- Fase de avaliación de resultados.

#### **3.c.- Actividades.**

1.1.- **REUNIÓN de TRABALLO CON:** empresarios de imprentas; representación catequese / parroquia; representación das funerarias.

**TEMA:** Os ciclos vitais: convites de celebracións (casamentos, bautizos, comuñóns, aniversarios...); esquelas (publicadas en xornais, radiadas ou distribuídas por funerarias).

1.2.- **REUNIÓN de TRABALLO CON:** representantes da Notaría de Burela.

**TEMA:** Documentos notariais: compra-vendas , arrendamentos, doazóns.

1.3.- **REUNIÓN de TRABALLO CON:** empresas de xestións de condominios e/ou representantes das comunidades de propietarios de edificios.

**TEMA:** Adaptación dos formularios de xestión dos condominios (convocatorias; actas; outras comunicacións).

1.4.- **REUNIÓN de TRABALLO CON:** representación de empresariado e comercio de Burela.

**TEMA:** a comunicación comercial e empresarial (publicidade; rotulación; imaxe corporativa; xestión).

2.- Desenvolvemento:

2.a) Fase Inicial: REVISIÓN E APROBACIÓN DO PROXECTO

-Temporalización: abril de 2008

2.b) Fase Intermedia: DIVULGACIÓN DO PROXECTO

-Temporalización: maio- xuño de 2008

2.c) Fase de avaliación de resultados:

-Temporalización: abril de 2009

2.d) Fase de revisión e reformulación, se procede, do proxecto: maio-xuño de 2008.

### **3.d.- Medidas de divulgación entre a poboación**

**-Fase de presentación da actividade: intervención da Comisión Municipal da Lingua, con representacións de sectores sociais da localidade. Nos meses de maio e xuño, o proxecto de actividades será exposto publicamente.**

-Programaranse **encontros directos coas entidades sociais da localidade**, co fin de conseguir colaboración. Tanto estes encontros, como os actos públicos, serán divulgados entre a comunidade mediante cartas, cartaces e notas de prensa.

- **Debate**: Estará dirixido a toda a poboación do concello, que será informada e convocada a participar activamente.

-**Publicacións**: o Concello de Burela divulgará o proxecto inicial e os resultados do seu desenvolvemento posterior mediante publicacións específicas ou mediante convenio cos medios de comunicación comarcais.